



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 702
inspeccion.sccc@sergas.gal
www.sergas.gal

galicia

PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NA INCAPACIDADE TEMPORAL NA ATENCIÓN PRIMARIA FRONTE Á EXPOSICIÓN Á COVID-19 EN GALICIA NO CASO DE PROFESIONAIS SANITARIOS E SOCIOSANITARIOS ASI COMO DO PERSOAL DAS EMPRESAS EXTERNAS QUE PRESTA SERVIZO AO SECTOR SANITARIO E SOCIOSANITARIO (01/10/2020)

I.- MANEXO DE CASOS

Os casos sospeitosos, probables e confirmados de Covid- 19 manexaranse do mesmo xeito que o establecido no “PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NA INCAPACIDADE TEMPORAL NA ATENCIÓN PRIMARIA FRONTE Á EXPOSICIÓN AO COVID-19 EN GALICIA”, coas seguintes particularidades:

a) O Ministerio de Sanidade no documento “Estratexia de detección precoz, vixilancia e control de Covid-19”, de data 25/09/2020, establece que:

“O persoal sanitario e sociosanitario que resulten casos confirmados e non requiriran ingreso hospitalario serán manexados da mesma forma que a poboación xeral en canto ao illamento. Estas persoas traballadoras poderán reincorporarse ao seu posto de traballo tras 10 días do inicio dos síntomas sempre que permanezan asintomáticas polo menos 3 días e tras a realización dunha proba de diagnóstico que indique ausencia de transmisibilidade, ben sexa por unha determinación positiva de IgG por unha técnica de alto rendemento ou por unha PCR negativa ou que, aínda sendo positiva, séxao a un umbral de ciclos (Ct) elevado. Por consenso admítese que un Ct>30 equivalería a unha carga viral sen capacidade infectiva.

O persoal sanitario e sociosanitario que requira ingreso hospitalario poderá recibir a alta hospitalaria se a súa situación clínica llo permita aínda que a PCR siga sendo positiva, mais deberase manter illamento domiciliario con monitorización da súa situación clínica polo menos 10 días dende a alta hospitalaria. Para a reincorporación laboral seguiranse os mesmos criterios que no parágrafo anterior”.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 702
inspeccion.sssc@sergas.gal
www.sergas.gal

II.- TRABALLADORES ESPECIALMENTE SENSIBLES

Procede emitir a baixa laboral polo médico de atención primaria cando se cumpran os seguintes requisitos:

- Cando o traballador presente o INFORME, asinado polo médico de traballo do Servizo de prevención de riscos laborais (SPRL), no que declara que non ten posibilidade de adaptación ao posto de traballo, nin protección adecuada que evite o risco de exposición e que recomende que o traballador pase a situación de incapacidade temporal (illamento domiciliario). Este informe debe identificar a patoloxía e se está ou non descompensada, así como a comorbilidade.
- Se confirme a vulnerabilidade do paciente coa información dispoñible na historia clínica.
- Se trate dun traballador que teña a obriga de acudir ao centro de traballo.

A data da baixa será a do informe do médico de traballo, con carácter xeral.

Deberá escanearse o informe do servizo sanitario do Servizo de prevención de riscos laborais e incorporalo a historia clínica electrónica do paciente nos casos que non estea incorporado en IANUS.

III.- MANEXO DE CONTACTOS

As actuacións sobre os contactos realizarase do mesmo xeito que o resto dos traballadores e da poboación xeral segundo o establecido na “Estratexia de detección precoz, vixilancia e control de COVID-19” do Ministerio de Sanidade” e no “Protocolo para a detección e manexo de casos de infección activa polo virus SARS-CoV-2 en Atención Primaria”, da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

IV.- CONTINXENCIA

1.- Os códigos válidos para a mecanización informática da baixa son os seguintes:

U07.1: caso confirmado

Z20.828: “caso sospeitoso”, “caso probable” e “contacto estreito cun





caso confirmado”

Z29.8: “traballadores sensibles ao Covid-19”

2.- A mecanización da continxencia nos partes de IT realizarase conforme ao indicado a continuación:

- ✓ CONTINXENCIA COMÚN: as baixas laborais derivadas de períodos de illamento/corentena, as dos traballadores especialmente sensibles á Covid-19 (os efectos económicos da incapacidade temporal asimilábanse ao accidente de traballo) así como no caso de contaxios producidos fóra do medio laboral.
- ✓ ACCIDENTE DE TRABALLO cando se cumplan os seguintes requisitos:
 - Que se trate de persoal que preste servizos no **sector sanitario e socio-sanitario**, inscrito no rexistro correspondente, incluíndo o persoal das **empresas externas** a este sector pero que preste os seus servizos no mesmo.
 - Que se trate de **enfermidade (CASO CONFIRMADO)** da Covid-19. Están excluídas as baixas derivadas dos períodos de illamento así como as dos traballadores especialmente sensibles ao Covid-19.
 - Que os contaxios da enfermidade se produzan no medio laboral e así se acredite polo Servizo de prevención de riscos laborais (SPRL).

Criterios para a emisión de baixas laborais por accidente de traballo:

1.- Baixas iniciadas dende o 28/05/2020

O médico de atención primaria:

Emitirá o parte de baixa laboral coa continxencia de accidente de traballo:

- previo informe do SPRL
- caso confirmado de enfermidade pola Covi-19.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría
e Acreditación de Servizos Sanitarios

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tel.: 881 542 702
inspeccion.sccc@sergas.gal
www.sergas.gal

galicia

Non emitirá o parte de baixa laboral cando o accidente de traballo estea cuberto por unha Mutua colaboradora coa Seguridade Social quen se fará cargo tanto da prestación económica como da asistencia sanitaria.

2.- Baixas iniciadas antes do día 28/05/2020 (tanto as que estean activas como as que teñan a alta laboral):

Non é necesario modificar nos partes de baixa/confirmación/alta a continxencia por accidente de traballo pois a prestación económica xa é por accidente de traballo.

3.- Recaídas de procesos de incapacidade temporal iniciados antes do 28/05/2020

- O parte de baixa por recaída deberá ser emitido coa continxencia de accidente de traballo sempre e cando se acredite o contaxio no medio laboral.
- O parte de baixa será emitido polos médicos de atención primaria, salvo que sexa unha mutua (MCSS) quen cubra o accidente de traballo.

5.- INCAPACIDADE PERMANENTE E FALECEMENTO

Para os traballadores sanitarios e sociosanitarios as prestacións de incapacidade permanente e morte e supervivencia serán recoñecidas como derivadas de accidente de traballo de forma indefinida no caso da incapacidade e por un período de 5 anos no caso de falecemento, sendo necesario o informe do Servizo de Prevención de Riscos Laborais e o parte de accidente de traballo da empresa.

A subdirectora xeral de Inspección de Servizos Sanitarios

Inmaculada Martín Biedma

ESTE PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN ESTÁ SUXEITO A UNHA CONTINUA ACTUALIZACIÓN.

